

Tigres de ternura

COD. PRODUTO: 00000460

AUTOR: Rodríguez Fer, Claudio

TÍTULO: Tigres de ternura


CATEGORÍA: Nume

ISBN: 9788415400561

DESCRIPCIÓN:

Edición bilingüe galego-inglés por Kathleen March; 13x20; 77 pp.

P.V.P.: 12,00€
IVE Engadido



FICHA:

Tigres de ternura titulouse así en 1981 como homenaxe á troquelación en castelán establecida por Rafael Cansinos Assens e citada por Borges, da mesma maneira que Manuel Antonio titulou "Lied ohne Worte" en alemán ou Álvaro Cunqueiro "Ricorditi di me" en italiano.

Este poemario publicado fai anos por Claudio Rodríguez Fer, coñecido poeta de Lugo, e anda comigo dende que o lin por primeira vez. Xa teñen pasado anos, anos que afectaron a miña resposta inicial como lectora que viña de outra terra e outra lingua. Afectaron, no senso de que agora vexo como o poeta segue fiel á súa estética orixinal, o retrato dun amor natural, sensual e moi galego por unha muller e polas palabras. As súas obras posteriores semellan subliñar todo o que xa estaba nesta homenaxe poética ao seu lugar de orixe e á musa que non podía menos que configurar aqueles comezos. Só por esta razón é un privilexio ter a oportunidade de traducir o texto galego ao inglés, sempre co prexuízo de todo tradutor de que é diferente o texto orixinal. Mais a diferenza non é tan lingüística como conceptual e pode ser atribuída á natureza íntima da linguaxe coas súas raíces no noroeste ibérico, nunha xeografía e clima onde un sempre se atopa inmerso nun medio que define os límites do corpo e simultaneamente absorbe o corpo nos seus ciclos.

Todos os galegos recoñecen a herdanza celta dalgún xeito e nalgún nivel. Tigres de ternura artella inmediatamente poemas e pasado onde as palabras eran gravadas como petroglifos na pedra; descóbrenos un erotismo do máis sedutor no presente e no persoal, agachando os mitos lonxanos e as manifestacións primitivas cun retrato de amor moi contemporáneo.

Foi difícil entrar neste mundo poético en particular, non polos lazos co mundo celta senón por respecto pola voz que espreme un desexo sen pudor. Curiosamente, ler aquel desexo en galego non foi problemático; vertelo noutra lingua, para un público lector que quizais non sempre saberá identificar a complexidade de referencias - situadas no amor xuvenil - a unha terra antiga, foi un reto. Empregar o léxico do sensual propio dunha sociedade anglosaxona con outros valores, con relacións máis efémeras e superficiais, foi unha preocupación constante; a solución foi acadar un equilibrio entre o tradicional e o moderno, co obxectivo de atopar unha maneira de expresar o que é, xaquelogo, un desexo humano, eterno.

Tigres de ternura

Nume:

Prosa e verso da literatura galega